



Concello de Ponteareas  
(Pontevedra)

## BASES DO CAMPUS-TEA 2016

### Artigo 1.- CONCEPTO.

O Campus-Tea é unha oferta formativa que fomenta a atención á infancia e xuventude, a xestión social, do noso patrimonio, medioambiente e a dinamización cultural. Cunha programación que combina o xogo con actividades creativas, culturais e de coñecemento do entorno próximo, dende unha pedagogía do lecer baseada na educación en igualdade e hábitos saudables.

### Artigo 2.- DESTINATARIOS.

1. Campus-Tea está dirixido ás etapas de Educación Infantil e Educación Primaria.
2. Para solicitar praza no Campus-Tea os usuario/as deben estar empadroados no Concello de Ponteareas.
3. En caso de existir máis prazas que solicitudes poderán acceder ao servizo, usuario/as que non estando empadroados/as en Ponteareas, están matriculado/as nun centro educativo do Concello ou seus país traballan no termo municipal (Deberán achegar documentación acreditativa da empresa ou centro educativo).
4. De persistir a existencia de prazas tamén poderán acceder ao programa usuario/as non empadroados/as no Concello de Ponteareas.
5. Cada usuario pode solicitar varias quendas, que serán adxudicadas sempre que os demais solicitantes podan acceder polo menos a unha delas. Polo que se farán constar por orde de preferencia.

### Artigo 3.- LUGAR, DATAS, PRAZAS E CUSTE DO CAMPUS-TEA.

O Campus-Tea 2016 terá lugar nas Instalacións do CEIP “Nosa Sra. dos Remedios” de Ponteareas, sito na rúa Azorín de Ponteareas.

#### QUENDAS:

XUÑO: do 27 ao 30.- 50 prazas. 15 €/usuario/a.

XULLO: do 1 ao 15.- 100 prazas. 35 €/usuario/a.

Do 16 ao 31.- 100 prazas. 35 €/usuario/a.

AGOSTO: do 1 ao 15.- 60 prazas. 35 €/usuario/a.

Do 16 ao 31.- 50 prazas. 35 €/usuario/a.

Calquera das quendas deberá ter un número mínimo de 25 alumnos para realizarse.

Temáticas do campamento por quendas:

1ª quincena de xullo	<b>ARQUEOXOGANDO</b> Achegamento ao mundo da arqueoloxía
2ª quincena de xullo	<b>CIENCIA DIVERTIDA COS ELEMENTOS</b> Experiencias e experimentos de Ciencias Naturais
1ª quincena de agosto	<b>FOTOCINE</b> Historia do cine: da imaxe fixa ao movemento
2ª quincena de agosto	<b>O PAÍS DOS SENTIDOS</b> Experiencias sensoriais cos cinco sentidos

#### **Artigo 4.- PREINSCRICIÓN.**

O prazo de Preinscrición será do 1 ao 8 de xuño de 2016.

As bases e o impreso (Anexo I), de Preinscrición do Campus-Tea poderán obterse de luns a venres en horario de 9 a 14 h. na Oficina de Ensino, no 2º andar ou no Rexistro Xeral do Concello de Ponteareas ou ben directamente na páxina web do Concello.

#### **DOCUMENTACIÓN.**

1. Impreso de preinscrición debidamente cumprimentado.
2. Certificado de empadronamento, certificado de matrícula escolar ou documento que acredite o enderezo onde radica o lugar de traballo do pai ou nai do usuario/a, segundo corresponda.

**LUGAR DE PRESENTACIÓN.-** Rexistro xeral do Concello de Ponteareas, en horario de 9 a 13 h.

#### **Artigo 5.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS.**

A efectos de información e posibles reclamacións publicarase o listaxe provisional de admitido/as nos taboleiros do Concello e na web do 13 ao 15 de xuño. Non se admitirán reclamacións fora deste prazo.

#### **Artigo 6.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS.**

Publicarase a listaxe definitiva o día 16 de xuño nos taboleiros do Concello e na páxina web.

#### **Artigo 7.- ADXUDICACIÓN DE PRAZAS.**

No caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles en cada quenda, estarán admitidas todas as solicitudes.

En caso de ter un número maior de solicitudes, tanto a listaxe provisional como a definitiva, reflexará o alumnado que está admitido pola orde de presentación da solicitude no Rexistro Xeral do Concello. Terase en conta o especificado no artigo 2.5.

As vacantes que se produzan por non presentar a documentación, por presentala fora do prazo establecido ou por renuncia á praza obtida no sorteo, serán ofertadas aos solicitantes que figuran nas listaxes de non admitidos que serán avisados telefonicamente entre as 9 e 14 h, si a terceira chamada non hai resposta pasarase ao seguinte da lista.

Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofertada, deberase presentar a documentación requerida nun prazo máximo de 48 horas, de non facelo así, a praza será ofertada ao seguinte da listaxe de non admitidos.

#### **Artigo 8.- DOCUMENTACIÓN.**

Entregarase na Oficina de Ensino no 2º andar do Concello de Ponteareas, e será a seguinte:

- Copia da Tarxeta Sanitaria.
- Foto tamaño carné.
- Impreso de abono do Prezo Público correspondente á quenda ou quendas adxudicadas. Este trámite será xestionado polo Departamento de Rendas. Cada quenda deberá ser aboada de maneira anticipada 48 horas antes do comenzo.
- DNI do pai ou nai do usuario/a.

**Artigo 9.- RENUNCIA Á PRAZA E DEVOLUCIÓN DA COTA.**

No caso de que, por algún motivo xustificado, houbera que renunciar á praza, comunicaráselle por escrito á Concellería de Ensino.

Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente, o/a interesado/a non puidese asistir á actividade por causa de forza maior, só terá dereito á devolución da cota no caso de que comunique e xustifique a renuncia por escrito e solicite a devolución da cantidade aboada antes do inicio da actividade.

**Artigo 10.- EXENCIÓN DA DO PREZO DO CAMPUS-TEA 2016.**

Para cada quenda reservaranse 3 prazas para casos de Emerxencia Social derivados dos Servizos Sociais Municipais.

**Artigo 11.-**

A inscrición nestas actividades supón o compromiso de aceptación destas normas.

Ponteareas, 23 de maio de 2016.

A Concelleira de Ensino,

Asdo. M. Cristina Fdez. Davila.